**ANUNCIO DE DECLARACIÓN DE LICITACIÓN DESERTA**

A Xunta de goberno local do concello de Valdoviño, en sesión ordinaria que celebrou o pasado 27 de maio de 2015, adoptou entre outros, o seguinte acordo:

**.- EXPTE. CONTRATACIÓN SUBMINISTRACIÓN POS 2015: SUBMINISTRO DE DÚAS DESMALEZADORAS E COMPLEMENTOS DA MÁQUINA.-**

Iniciado expediente de contratación da subministración do POS 2015: Subministro de dúas desmalezadoras e complementos da máquina, cun importe de contrato de 68.219,80 euros (56.380€ corresponden ao prezo sen IVE e 11.839,80 euros corresponden ao IVE), conforme ao acordado pola Xunta de goberno local en sesión do 16.04.15, realizouse a invitación ás tres seguintes empresas:

.- MUIÑOS SUMINISTROS, S.L
.- VENTURA, MÁQUINAS FORESTALES
.- COMERCIAL Y AGRÍCOLA CASACUBERTA, S.L.

Informase de que se presentaron todas elas á licitación en prazo, segundo consta en certificado da Secretaría municipal expedido ao efecto en data 25 de maio de 2015 e procedese ao reconto das proposicións recibidas e comprobación da presentación dos sobres "A" e "B" e á súa confrontación co certificado citado.

Despois de ver que se presentan os sobres no xeito indicado no prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación (cláusula sétima), aperturase e examinase o contido dos sobres "A".- Documentación administrativa, resultando que as tres empresas presentan a declaración responsable do licitador indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración, seguindo o modelo que figura na cláusula sétima do prego de claúsulas administrativas particulares.

A documentación do sobre "A" das ditas empresas, é axeitada conforme aos pregos, polo que a Xunta de goberno **admite todas as empresas na licitación** e da continuidade ao proceso.

Aperturanse os sobres "B" Proposición económica e documentación, resultando:

.- Ventura, Máquinas Forestales.- Presenta unha oferta de prezo total de 68.764,30€.
.- Comercial y Agrícola Casacuberta, S.L.- Presenta unha oferta de prezo total de 70.059,00 euros.
.- Muiños Suministros, S.L.- Presenta unha oferta de prezo total de 68.161,48 euros..

Observase que ningunha das empresas licitadores inclúen no sobre "B" os documentos a que fai referencia o punto 2.- do prego de prescripcións técnicas.

CONSIDERANDO os antecedentes descritos,

CONSIDERANDO o estipulado no punto 2.- do prego de prescripcións técnicas que sinala textualmente:

"…. *Las ofertas deberán presentar la documentación técnica suficiente para poder analizar y valorar las características técnicas de la maquinaria y soluciones propuestas. Para ello deberán incluir al menos la siguiente documentación de forma obligatoria y cuya ausencia será motivo de exclusión de la oferta:*
**.- Catálogos o fotografías, y fichas técniacs de los productos ofertados. Deberán indicarse las marcas o fabricantes.*
**.- Presupuesto detallado con precios unitarios.*
**.- Plazo de garantía debidamente documentado.*
**.- Planning del suministro e instalación"*

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDA**:
**PRIMEIRO.- A exclusión das tres entidades participantes:**

**A.-** Excluir á empresa "Ventura Máquinas Forestales", por presentar unha oferta de 68.764,30€; superior ao importe do contrato que é de 68.219,80 euros e ademáis non aporta a documentación técnica que se establece no punto 2.- do prego de prescripcións técnicas.

**B.-** - Excluir á empresa "Comercial y Agrícola Casacuberta, S.L", por presentar unha oferta de 70.059,00 euros, superior ao importe do contrato de 68.219,80 euros e ademáis non aporta a documentación técnica que se establece no punto 2.- do prego de prescripcións técnicas.

**C.-** Excluir á empresa "Muiños Suministros, S.L", porque se ben a oferta económica de 68.161,48 euros resulta axeitada (non excede do tipo) non aporta a documentación técnica que se establece no punto 2.- do prego de prescripcións técnicas.

**SEGUNDO**.- DECLARAR DESERTA A LICITACIÓN, precisándose refacer o proceso de contratación para acadar o obxecto do contrato da subministración.
**TERCEIRO**.- NOTIFICAR o presente acordo aos licitadores para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Valdoviño, 29 de maio de 2015
O Alcalde en funcións
Asdo: José Antonio Vigo Lago